

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001725	IES Lauro Olmo	O Barco de Valdeorras	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Grego I	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	17

## 1. Introducción

Tomando sempre como guía os decretos emitidos desde a Consellería de Educación, establecemos nesta programación os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que conformarán o noso traballo durante o curso. Adicaremos tamén un apartado especial á metodoloxía, ao tratamento da diversidade e aos temas transversais. A programación non debe tomarse como un documento impositivo, senón máis ben como unha guía que pode conducir o proceso de ensino-aprendizaxe. O día a día da aula poderá levarnos a facer modificacións, ampliacións ou reducións, das que en todo caso sempre se deixará constancia no libro de actas do departamento. A modo de resumo, observarase que concedemos especial relevancia aos contidos lingüísticos do currículo, dirixidos fundamentalmente a adquirir unha competencia mínima na comprensión dos textos. Os contidos non aparecen pormenorizados por trimestres, xa que a secuenciación dos mesmos irase decidindo e axustando mes a mes, dependendo dos moitos factores que inflúen na marcha do curso. Ao alumnado facilitaráselle unha guía máis detallada para que poidan orientar o seu traballo cara a preparación das probas pertinentes. No libro de actas do departamento iremos consignando mensualmente os contidos que se vaian vendo na clase.

O IES Lauro Olmo, centro no que se desenvolverá esta programación, está ubicado nun entorno con acusado contraste entre o urbano e rural no extremo oriental da provincia de Ourense. É interesante a presenza de importantes vestixes de época romana no entorno, e en particular o feito de ser noutro tempo a nosa comarca atravesada pola antiga calzada que unía as cidades de Braga e Astorga. Pola contra, non existen museos con fondos de época romana, e moito menos de época grega, na comarca –poderíamos dicir que, de facto, non existen na provincia- polo que calquera visita require un considerable desembolso económico por parte das familias ou do departamento.

A dotación do centro é máis que suficiente no que respecta a material informático e audiovisual, xa que a presenza de ciclos formativos propiciou desde xa hai tempo a existencia dun número considerable de equipos informáticos e canóns de proxección. Ten ademáis tres aulas de informática e un equipo de radio ao acceso do profesorado que desexe empregalo.

Polo que respecta á dotación bibliográfica da biblioteca do centro, hai que dicir que no referente a libros relacionados coa nosa materia é mais ben escasa. O mesmo sucede na biblioteca municipal. Non obstante, a carencia deses fondos pódese compensar perfectamente, sobre todo no que se refire a textos orixinais gregos, co inmenso corpus da rede. A adquisición de textos impresos de autores gregos en lingua orixinal non será polo tanto unha prioridade deste departamento.

Finalmente, facer fincapé en que desde este departamento consideramos primordial o carácter flexible de calquera aspecto da presente programación, sobre todo no relativo aos contidos a impartir, que se irán axustando as necesidades e intereses do grupo.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos gregos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua grega, as unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Distinguir os étimos e formantes gregos presentes no léxico de uso cotián, identificando os cambios semánticos que tivesen lugar e establecendo unha comparación coas linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos gregos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2
OBX4 - Analizar as características da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo heleno e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico grego á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, promovendo a súa sustentabilidade e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial grego como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Para entender a lingua grega	Céntrase na aprendizaxe da lingua grega como ferramenta para acceder a textos de diversa índole a través da tradución ou, en menor medida, da lectura directa.	65	100	X	X	X
2	O grego e as linguas de hoxe en día	Esta unidade pon o acento en como o coñecemento do léxico grego pode axudar a ampliar o noso vocabulario nas linguas modernas.	10	10	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A antiga Grecia	Comprende as estratexias e coñecementos necesarios para o desenvolvemento dun espírito crítico e humanista.	15	20	X	X	X
4	Que nos queda da antiga Grecia?	Recolle os coñecementos, destrezas e actitudes que permiten a aproximación á herdanza material e inmaterial da civilización grega.	10	10	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Para entender a lingua grega	100

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realiza con mínima corrección traducións directas ou inversas de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada analizando as unidades lingüísticas regulares.	PE	87
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes, cando se considere necesario.	Selecciona o significado apropiado de palabras polisémicas e xustifica a súa decisión a partir da información contextual.		
CA1.9 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explica a relación do grego coas linguas modernas.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisa e emenda con autonomía as propias traducións e os dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora.	TI	13
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realiza a lectura directa de textos gregos sinxelos indentificando as unidades lingüísticas básicas da lingual grega.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistra os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, buscando estratexias que lle permitan superalas.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica.	Extrae, analiza e reflicte oralmente e/ou por escrito as ideas principais de textos adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Participa en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redacta en grego textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua grega.</li> <li>- Alfabeto, prosodia e signos gráficos da lingua grega clásica. Aproximación ás principais leis fonéticas.</li> <li>- Clases de palabras.</li> <li>- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego).</li> <li>- Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.</li> <li>- Formas nominais do verbo.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> <li>- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.</li> </ul>

**Contidos**

- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
2	O grego e as linguas de hoxe en día	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deduce o significado etimolóxico dun termo de uso común e infire o significado de neoloxismos de orixe grega.	PE	90
CA2.2 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explica a relación do grego coas linguas modernas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identifica prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade lingüística como riqueza cultural.	TI	10
CA2.4 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización e a cultura grega como fonte de inspiración.	Crea textos individuais ou colectivos en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais. a partir de lecturas de obras significativos e relacionados coa cultura grega.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sistemas de escritura ao longo da historia.</li> <li>- O alfabeto grego: a súa historia e influencia posterior. Regras de transcripción do alfabeto grego ás linguas do repertorio do alumnado.</li> <li>- Do indoeuropeo ao grego. Etapas da lingua grega.</li> <li>- Influencia do grego na evolución da lingua de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Léxico.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos básicos de composición e derivación na formación de palabras gregas.</li> <li>- Lexemas, sufixos e prefixos de orixe grega no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica nos léxicos especializados doutros campos.</li> <li>- Significado e definición de palabras de uso común na lingua de ensino a partir dos seus étimos gregos nas linguas repertorio lingüístico do alumnado; reflexión sobre significado etimolóxico e significado semántico.</li> <li>- Importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade.</li> <li>- Técnicas básicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia.</li> </ul> </li> <li>- Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.</li> <li>- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> <li>- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.</li> <li>- Aproximación aos termos e expresións máis usuais de uso frecuente do grego moderno.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A antiga Grecia	20



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Explica os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais.	PE	50
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debate sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade.	TI	50
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investiga o patrimonio históricos, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xeografía da antiga Grecia: topografía, nome e función dos principais sitios. Viaxeiros ilustres.</li> <li>- Historia.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Etapas: fitos históricos do mundo grego entre os séculos VIII a. C. e V d. C.</li> <li>- Lendas e principais episodios históricos.</li> <li>- Persoeiros da historia de Grecia e a súa relevancia para a historia de Europa.</li> </ul> </li> <li>- Historia e organización política e social de Grecia como parte esencial da historia e a cultura da sociedade actual. Desmitificación da democracia ateniense.</li> <li>- Institucións, crenzas e formas de vida da civilización grega e o seu reflexo e persistencia na sociedade actual: escravitude e exclusión da muller.</li> <li>- Influencias da cultura grega na civilización latina.</li> <li>- A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.</li> <li>- Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia).</li> <li>- O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura.</li> <li>- A importancia do discurso público para a vida política e social.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Que nos queda da antiga Grecia?	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, os modos de vida, as institucións e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Explica os procesos históricos e políticos, os modos de vida, as institucións e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais.	PE	57
CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	Identifica e explica o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración.		
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debate sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade.	TI	43
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investiga aspectos do legado grego no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico a partir do uso crítico de diferentes fontes.		
CA4.5 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investiga o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega.		
CA4.6 - Explorar o legado grego na contorna do alumnado a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os resultados a través de diferentes soportes.	Explora o legado grego na contorna do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Conceptos de legado, herdanza e patrimonio.</li> <li>- A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais.</li> <li>- Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración.</li> <li>- As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade.</li> <li>- As competicións atléticas e a súa persistencia na actualidade.</li> <li>- As institucións políticas gregas, a súa influencia e persistencia no sistema político actual.</li> </ul>

## Contidos

- A educación na antiga Grecia: os modelos educativos de Atenas e Esparta e a súa comparación cos sistemas actuais.
- Principais obras artísticas da Antigüidade grega.
- Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As características coas que ben definida no currículo a materia de Grego obrigan a facer un uso amplo e diverso de metodoloxías. Por unha banda, a lingua grega é iso, unha lingua, o que supón o emprego de metodoloxías propias da aprendizaxe de linguas. Por outra banda, a redución progresiva dos contidos de historia e cultura do mundo antigo nos currículos doutras materias fai que o currículo de Grego estea inzado de contidos desta natureza, básicos para entender o contexto da produción literaria do mundo grego, mais que supoñen a introdución de metodoloxías e, sobre todo, principios avaliativos que diverxen moito dos utilizados na aprendizaxe das linguas. É por todo o explicado anteriormente que a proposta que se fai nesta programación distingue distintas aproximacións metodolóxicas en función dos bloques de contidos a avaliar.

**METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES CON CONTIDOS DE HISTORIA, CULTURA, LEGADO E HISTORIA DA LINGUA.** Para o tratamento destes contidos propóñense o uso das seguintes aproximacións metodolóxicas.

1. Persoa docente emisora, alumnado receptor. Esta metodoloxía pode ser especialmente adecuada para estes contidos, especialmente tendo en conta dúas circunstancias: a) o descoñecemento que pode ter o alumnado (en particular se non cursaron nin Cultura Clásica nin Latín de 4.º de ESO), b) as limitacións de tempo na aula. Así pois este modo de traballar, que se apoia despois na elaboración de exercicios e traballos guiados e que se avalía fundamentalmente a través de probas escritas e taboas de indicadores respectivamente, pode resultar moi eficiente.

2. A aula invertida. Esta metodoloxía supón un cambio de papel da persoa docente, que pasa de ser emisora de información a colaboradora e guía do alumnado no seu proceso de aprendizaxe. Este modo de traballo supón que o alumnado accede á información de modo previo á aula, na que despois procede a traballar de modo activo aplicando ese coñecemento previo adquirido ou, cando menos, coñecido.

3. Traballo por proxectos. Esta metodoloxía presenta, entre outros, os seguintes retos: a) deseño dun proxecto no que a vinculación da materia a este resulte clara e convincente (no caso dos proxectos interdisciplinares), b) planificación precisa e realista dos tempos, dos procesos e tarefas así como dos produtos ou resultado final do traballo, c) os recursos reais da aula ou espazo no que se vai desenvolver o traballo na aula e d) compromiso do grupo de alumnado.

**METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES CON CONTIDOS LINGÜÍSTICOS.**

Para a aprendizaxe da lingua grega hai que partir do obxectivo ou punto final que a persoa docente estableza para todo o proceso de aprendizaxe. Este obxectivo último, ven moi determinado en bacharelato polo esixido nas probas de ABAU. Tendo en conta que estas probas teñen un marcado carácter conservador, o máis axeitado parécenos facer uso da metodoloxía tradicional, aínda que por suposto tendo en conta cales son os coñecementos gramaticais do alumnado

As destrezas e coñecemento precisos para o uso do grego como lingua viva non necesitan, baixo o noso punto de vista, ser traballados no nivel no que nos desenvolvemos. En tanto que o obxectivo é a tradución correcta de textos orixinais literarios, isto é, textos dunha grande artificiosidade tanto na gramática como no vocabulario, priorizaremos a aprendizaxe profunda e completa da gramática e dun vocabulario seleccionado cuxo aprendizaxe resulte útil para o tipo de textos cos que o alumnado terá que traballar.

Traballaremos con textos adaptados ao nivel gramatical de cada momento do curso. Do traballo cos textos extraeranse tamén exercicios sobre a presenza de raíces gregas nas linguas modernas.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1 Aula virtual
2 Materiais audiovisuais
3 Xogos variados

A Aula Virtual do IES Lauro será o recurso básico, non só como banco de contidos e actividades, senón tamén como medio de comunicación entre o profesor e o alumnado, así como tamén entre o alumnado no caso das actividades que se leven a cabo en equipo.

O material audiovisual que o profesor considere interesante estará a disposición do alumnado a través de enlaces na aula virtual.

Xogos como o bingo poden ser útiles puntualmente para a adquisición dalgunha destreza, como por exemplo a axilidade no emprego dos numerais latinos. A Aula Virtual proporciona tamén algúns xogos útiles para afianzar diversos aspectos do currículo.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Grego de 1.º de bacharelato é unha materia na que, debido a que non se curso en ningún momento da ESO, é preciso partir de cero. Como moito do alumnado que a escolle pode que cursase anteriormente Cultura Clásica e/ou Latín de 4.º de ESO, un dos obxectivos principais da avaliación inicial (AI) é obter esta información. Obviamente, do alumnado que cursou a ESO no IES Lauro Olmo xa temos esa información, pero aínda así será preciso comprobar cal é o nivel actual dos seus coñecementos.

Ademais do dito anteriormente, para facer unha AI máis efectiva sería conveniente contactar co Departamento de Orientación o antes posible, para poder acceder á información que sobre o alumnado en particular poida ter este departamento.

### TEMPORALIZACIÓN

A AI hase levar a cabo antes do remate da 4.ª semana de curso e, en todo caso, antes das reunións dos equipos educativos para a posta en común dos resultados da mesma.

### OBXECTIVOS

- 1.º Saber que alumnado cursou Cultura Clásica e/ou Latín de 4.º de ESO.
- 2.º Coñecer as motivacións do alumnado para escoller a materia de Grego I.
- 3.º Identificar o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE).
- 4.º Identificar o alumnado repetidor.
- 5.º Valorar o coñecemento que o alumnado ten do mundo e cultura grega en xeral e da lingua grega en particular.
- 6.º Valorar os coñecementos gramaticais que o alumnado na súa propia lingua.

### INSTRUMENTOS

1. Cuestionario escrito no que o alumnado debe responder a preguntas relacionadas cos obxectivos 5º e 6º apuntados anteriormente.
2. Diálogo informal co alumnado nos primeiros días de aula.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>65</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	87	90	50	57	<b>79</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	13	10	50	43	<b>21</b>

### Criterios de cualificación:

**CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN** Obterase da seguinte maneira:

Levaranse a cabo dúas probas escritas por trimestre. Estas probas terán un valor do 80 % da nota do trimestre e incluírán contidos dos catro bloques nos que se estrutura a materia. En cada proba o valor do bloque 1 alcanzará un mínimo do 60% do total. En cada trimestre realizarase un traballo que será exposto de forma oral. O traballo pode estar relacionado con calquera dos catro bloques mencionados. Este traballo terá un valor dun 15 % da nota do trimestre. O 0,5 % restante obterase do traballo diario na clase, recollido, como o resto de valoracións, no caderno do profesor.

**CALIFICACIÓN FINAL**

1.ª avaliación achega o 20 % da cualificación final.

2.ª avaliación achega o 30 % da cualificación final.

3.ª avaliación achega o 50 % da cualificación final. Así pois a fórmula final é:

$(1.ª \text{ av.} \times 0,20) + (2.ª \text{ av.} \times 0,30) + (3.ª \text{ av.} \times 0,50)$

Non haberá ningún tipo de limitación na aplicación desta fórmula (isto é, se unha alumna, por exemplo, que ten menos dun 5 na 1.ª avaliación, sempre que e a fórmula final dá un resultado igual a 5 ou superior, terá a materia aprobada).

**IMPORTANTE**

1. Todas as cualificacións que cheguen na súa aproximación decimal a 5 ou pasen de 5, serán redondeadas no seguinte enteiro. Iso non será así nas cualificacións inferiores a 5, que serán redondeadas no enteiro anterior. Por exemplo, un 5,5 será no boletín un 6, pero un 4,75 será un 4.

2. As cualificacións que se han utilizar para o cálculo da cualificación final han ser as reais obtidas da aplicación das fórmulas matemáticas e non os enteiros que por lei deben aparecer no boletín.

**INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

1. Probas escritas. Hanse adaptar aos contidos das unidades didácticas que se avalíen.

2. Táboa de indicadores. As variedades máis usadas serán a rúbrica e a lista de cotexo.

### Criterios de recuperación:

Non haberá recuperación por avaliacións. Si que se porá en coñecemento do alumnado aqueles aspectos que debe reforzar de cara ao seguinte trimestre.

**Avaliación extraordinaria.**

En tanto que avaliación extraordinaria, o alumnado ten dereito a unha proba global da que se obteña unha cualificación final entre 0 e 10. A cualificación final non estará limitada polos resultados acadados durante o curso.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de que unha persoa discente pase a 2.º curso de bacharelato coa materia Grego I pendente, háselle aplicar o seguinte plan de seguimento, recuperación e avaliación.

1. O alumnado afectado pode seguir o curso de 2.º como o resto do alumnado dándosele por aprobada a materia de 1.º no caso de aprobar a de 2.º, sendo a cualificación de 1.º a mesma ca do 2.º curso. Neste caso o alumnado afectado será obxecto dunha especial atención e seguimento, que se ha reflectir nun informe individualizado ao final de cada unha das dúas primeiras avaliacións, na que a persoa docente valore o progreso.

No caso de que o informe da 2.ª avaliación sexa negativo, o alumnado afectado poderá, en todo caso, facer unha proba específica semellante á especificada no seguinte punto, ao inicio da 3.ª avaliación.

2. O alumnado afectado poderá se así o desexa facer unha proba específica durante o 1.º trimestre na que se obtén un 5 ou cualificación superior, daráselle por superada a materia recibindo a cualificación obtida, tendo en conta os criterios de redondeo establecidos nesta programación.

3. Se o alumnado implicado non cursase a asignatura de Grego II, deberá facer unha proba específica ao longo do segundo trimestre.

## 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

## 6. Medidas de atención á diversidade

Realizada a avaliación inicial (AI) e en coordinación co Departamento de Orientación, hanse poñer en práctica as medidas de atención á diversidade que correspondan. As máis frecuentes neste curso serán as ordinarias e, dentro destas, as que se recollen na seguinte enumeración:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Trátase neste punto, por exemplo, da colocación do alumnado na aula (proximidade á persoa docente, agrupación en parellas, etc.).

- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. Este punto é básico e debe determinar dende o primeiro momento a programación de todas as materias do centro.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Esta medida será unha das máis frecuentes e de fácil aplicación.

- Programas de recuperación. A elaboración dun programa específico para recuperar as avaliacións e tamén a materia no seu conxunto debe ser unha medida a considerar no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

En todo caso, a posta en práctica dunha destas medidas ou de calquera outra non relacionada anteriormente deberá facerse baixo a supervisión e en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o resto do equipo educativo. O alumnado repetidor será obxecto dun plan e seguimento específico. Sería moi recomendable que neste plan se recollesen os circunstancias concretas que dificultan o proceso de aprendizaxe da/o alumna/o en cuestión e que as medidas se deseñen tendo en conta estas circunstancias.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.3 - A competencia dixital	X	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.8 - A creatividade	X	X	X	X

### Observacións:

Aínda que todos os elementos transversais son susceptibles de ser abordados en calquera momento do curso e en cada unidade, merece a pena facer algunhas concreccións:

1. A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. Será obxecto de traballo constante durante todo o curso, tanto na lingua propia do alumnado como en latín. 2. A comunicación audiovisual. Pódese traballar especialmente nas UD de legado e de lingua latina, mediante a proposta de actividades nas que o produto final sexan materiais audiovisuais. 3. A competencia dixital. Hase traballar durante todo o curso fomentando o uso de programas e aplicacións ofimáticas para a elaboración de actividades e/ou traballos, con especial atención ao uso e aproveitamento dos recursos da aula virtual do centro. 4. O emprendemento social e empresarial. Pódese traballar especialmente nas unidades nas que se tocan aspectos sociais e económicos da sociedade romana. 5. O fomento do espírito crítico e científico. Débese traballar durante todo o curso, procurando a reflexión crítica e razoada do alumnado perante a realidade social, económica, cultural, relixiosa e lingüística do mundo romano. 6. A educación emocional e en valores. As emocións son trazos inherentes aos seres humanos que deben ser coñecidas e asumidas para podermos comprender os comportamentos e reaccións das/os que nos rodean. Os valores, especialmente o de respecto á diversidade en sentido amplo, deben ser postos de manifesto dun modo práctico e constante na aula. 7. A igualdade de xénero. Especialmente relevante no tratamento da sociedade do mundo antigo e na súa literatura (UD nas que se debe incidir na grande evolución e cambio que separa a nosa sociedade da romana), este elemento transversal debe informar todo o tratamento da materia, aproveitando calquera oportunidade para facer referencia a el e motivar ao alumnado a evitar calquera comportamento e/ou expresión na que se evidencie unha actitude contraria ou de rexeitamento do mesmo. 8. A creatividade. Ten cabida en todas as UD propostas, xa que é misión da/o docente incentivar en calquera eido da materia o desenvolvemento da creatividade e iniciativa do alumnado.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1 Visita á biblioteca do centro	Realizaremos unha visita á biblioteca do centro para coñecer o material bibliográfico dispoñible para traballar os distintos aspectos da materia.			

### Observacións:

Realizaremos unha visita á biblioteca do centro para coñecer o material bibliográfico dispoñible para traballar os distintos aspectos da materia.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1 O traballo da aula correspóndese co previsto na programación
2 Os resultados da avaliación son os esperados a partir do traballo e a actitude mostrada polo alumnado durante o curso

3 Detéctanse con celeridade as / os ACNEAE e pónense en marcha as medidas precisas en colaboración do Departamento de Orientación.

4 O grao de satisfacción do alumnado coa materia é alto e responde ao previsto na programación.

### Descrición:

Estes catro indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas, así como as súas causas, deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. O feito de que a aplicación PROENS estableza un seguimento por UD, marca xa a temporalización deste traballo. Instrumento: táboa de indicadores.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. A persoa docente, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

3. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, a súa casuística particular e pónense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co Departamento de Orientación.

4. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente é, seica, un dos aspectos menos desenvolvidos na práctica docente en xeral e que, porén, pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario electrónico e anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado. Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

### 1. Procedemento de seguimento.

Cando o desenvolvemento das unidades didácticas se complete hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións). Ademais, unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer cando menos unha breve referencia ao seguimento da programación.

### 2. Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

a. Resultados académicos do grupo.

b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.

c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación



do seguinte curso.

## **9. Outros apartados**